

O Neolítico.

Características e cambios con respecto á época paleolítica (cambios económicos, sociais e culturais).

Cando foi acuñado no século XIX, o termo **Neolítico** (Idade da Pedra Nova) facía referencia á etapa da Prehistoria caracterizada pola substitución da talla polo puído na manufactura dos útiles líticos. Pero esta innovación técnica estivo acompañada de cambios tan transcendentais na vida das sociedades humanas que os historiadores comezaron a cualificalos de **revolución neolítica**.

Hai uns 11.000 anos, no Próximo Oriente asiático, algunhas poboacións prehistóricas comezaron o **tránsito dunha economía predadora** (caza, pesca, marisqueo, recolección) **a unha economía produtora** (agricultura, gandería). Diversas interpretacións debaten sobre os factores desta decisiva transformación: cambios ambientais, presión demográfica, mudanzas ideolóxicas...

A **difusión das novas formas de vida** foi favorecida pola migración de grupos neolíticos e pola adopción destas por comunidades de cazadores-recolectores. Dende o Próximo Oriente, chegaron a Europa e o norte de África. No noso continente, os primeiros achados, en Grecia e nos Balcáns, remóntanse ao VII milenio a.C. Na Península Ibérica dátanse no leste e sur peninsulares contra mediados do VI milenio a.C. A neolitización de Galicia e a cornixa cantábrica produciríase devagar ao longo do V milenio a.C. Porén, semella que durante moito tempo as comunidades agro-pastorís conviviron con grupos de cazadores-recolectores e que, ata ben entrado o IV milenio, aquelas non se impuxeron definitivamente.

Os cambios económicos.

A principal novidade asociada á revolución neolítica foi a introdución da **produción de alimentos** a partir da domesticación dalgunhas plantas (trigo, orxo, lentellas, chícharos, fabas) e animais (can, cabra, ovella, porco, vaca). A recolección, a caza, a pesca e o marisqueo mantéñense como actividades complementarios.

Ás novas actividades económicas asóciáanse importantes cambios na cultura material. Xeralízase a técnica do **puído** no traballo da pedra. Aparecen **novos útiles líticos** ligados á actividade agrícola: fouces, machados, aixadas e muíños de man. Nace e desenvólvese a cerámica, necesaria para a almacenaxe, transporte e transformación dos alimentos.

Os primeiros apeiros e técnicas agrícolas eran moi rudimentarios e a produtividade moi reducida. Probablemente, as primeiras comunidades neolíticas practicaban unha agricultura itinerante de rozas e tiñan que trasladarse periodicamente na procura de terras e pastos. Durante o IV milenio difundíronse innovacións como o arado e a tracción animal, plantas de uso téxtil como o liño e comezaron a aproveitarse produtos secundarios como a la, o leite e os seus derivados.

Os cambios sociais.

O desenvolvemento das actividades agropecuarias posibilitou un fornecemento máis regular de alimentos facilitou a **sedentarización** dos grupos humanos e a creación dos primeiros **poboados estables** cada vez máis complexos, que foron substituíndo aos asentamentos en covas e abrigos rochosos.

A sedentarización e a xeración de excedentes permitiron unha crecente especialización de tarefas e, conseguintemente, o avance da estratificación social. Os enxovais funerarios porán de relevo as crecentes desigualdades sociais.

Os cambios culturais.

O Neolítico significou un cambio notable nas relacións entre os grupos humanos e o medio natural e, polo tanto, debeu alterar o universo mental daqueles. Así o testemuñan os ritos funerarios e as realizacións artísticas.

Coa sedentarización fai que vivos e defuntos teñen que convivir e o **culto aos mortos** adquire novas dimensións. Aparecen as primeiras necrópoles. Dende mediados do V milenio a.C. florece o **megalitismo**,

en amplas áreas do territorio peninsular. As súas construcións monumentais, de función ritual ou funeraria e de carácter colectivo, tiveron en Galicia unha extraordinaria difusión. No nordés peninsular desenvolveuse durante o IV milenio a.C. a chamada **cultura dos sepulcros de fosa**, caracterizada por enterramentos de individuos ou parellas con enxovais en fosas ou cistas cubertos con lousas.

Entre as realizacións pictóricas do Neolítico destaca a **arte rupestre levantina** (Valltorta, Cogull, Alpera...). Fronte ao naturalismo e policromía características da arte parietal paleolítica, as pinturas levantinas, localizadas en covas ou abrigos rochosos, incorporan a figura humana, utilizan tintas planas monocromáticas e evolucionan cara unha crecente esquematización e abstracción formal. Trazos semellantes presentan as escasas manifestacións de **arte moble** conservadas. A unhas e a outras atribúeselle un valor simbólico e relixioso que, nalgúns casos (a *Venús de Gavá*), poden ser síntomas do culto á fertilidade ou a unha deusa-nai ligado ás actividades agropecuarias.